

GRAN FESTIVAL DE MÚSICA INFANTIL NA PRAIA

Traede o
picnic e
vide pasar
o día con
nós!



Festival do estío

16
XULLO



PRAIA DA CONCHA
VILAGARCÍA DE
AROUSA

PRESENTA: TEATRO DOS GHAZAFELHOS

CONCERTOS: PACO NOGUEIRAS - 12.30h

OVIRAVAI - 17.30h

A GRAMOLA GOMINOLA - 18.30h

SONS MIÚDOS - 19.30h


XOGOS: A CASA DOS XOGOS
XOGOS PAPORRUBIO



galicia



FESTIVAL DO ESTÍO



O Festival do estío é unha festa de celebración do verán destinada ao disfrute do público familiar.

Unha xornada chea da mellor música infantil galega e de xogos educativos dos que gozaran tanto grandes coma pequenos, este festival quere ser unha cita obrigada para as familias de Vilagarcía na que conflúen diversión e aprendizaxe, música e xogo, cultura e ocio.

PROGRAMACIÓN

MAÑÁ

12:00 → **INICIO DO FESTIVAL** presentado por Montse Piñón e Pepablo Patiño,
actores do **TEATRO DOS GHAZAFELHOS**

Apertura do espazo de xogos: **A CASA DOS XOGOS**
XOGOS PAPORRUBIO

12:30 → **PACO NOGUEIRAS**

14:00 → **DESCANSO**

TARDE

17:00 → Reapertura do espazo de xogos.
Inicio dos concertos da tarde presentados todos eles por Montse Piñón e Pepablo Patiño

17:30 → **OVIRAVAI**

18:30 → **A GRAMOLA GOMINOLA**

19:30 → **SONS MIÚDOS**

20:30 → **PECHE DO FESTIVAL**

16
SÁBADO
XULLO

Presentación do festival

Teatro dos Ghazafellos - Montse Piñón e Pepablo Patiño



Tanto Montse Piñón como Pepablo Patiño son integrantes, xunto a Jorge Casas, do Teatro Ghazafellos, unha das compañías de referencia en Galicia para o público familiar. Tamén así, ambos son os protagonistas do espectáculo de Magín Blanco "A nena e o grilo", na que desenvolven un labor de condución do mesmo. Así pois, estamos a falar dun elenco punteiro, especializado no público infantil e moi querido por este.

Ademais de actores, eles mesmos son os creadores dos seus propios proxectos polo que teñen unha grande experiencia na redacción de guións, os cales adoitan destacar pola súa orixinalidade, o seu didactismo e a súa poesía, dando lugar a creacións divertidas nas que mesturan teatro xestual, mímica, manipulación de títeres, obxectos e música. Unha delicia para o público máis cativo.

Montse Piñón e Pepablo Patiño serán os encargados de conducir este festival dándolle unha maior fluidez e conseguindo unha interacción constante co público.

Concertos

Paco Nogueiras

Brinca Vai! De aquí a acolá é un espectáculo baseado no libro-cd-dvd "Brinca Vai!", editado por Kalandraka Editora, no que se combinan cancións, animacións e interpretacións cos ritmos e rexistros máis divertidos.

Acompañade ao músico e actor Paco Nogueiras cos seus instrumentos e a súa querida "Máquina" nunha divertidísima viaxe chea de humor, baile e cancións. As alegrías, as amizades, os libros, a poesía, a ecoloxía, as festas do ano (o magosto, o samaín, o entroido, o nadal) e o respecto á nosa lingua serán parte da equipaxe. Unha fantástica oportunidade de brincar e pasalo ben cos amigos e amigas nun particular camiño onde a música soa con forma de sorriso.

"Brinca Vai! De aquí a acolá" viaxará alí onde alguén queira cantar, rir, bailar ou simplemente escoitar coas mans e as orellas ben abertas!



Vaioviravai

“As Andanzas de Paio” é o primeiro traballo da compañía OVIRAVAI, e tratase dun libro CD, que forma parte da colección SONARBORE de EDITORIAL GALAXIA como lanzamento de primavera 2016. Nel trabállanse diversos temas incluídos no currículo escolar como as cores, as estacións, a linguaxe extranxeira, as vogais, os contrarios, os animais, etc. Tamén lle poñen especial atención á transmisión de valores sociais como a amizade, a solidariedade, o traballo en equipo ou o coidado do planeta. Todo isto a través de orixinais e divertidas cancións e historias, que conta o teixugo Paio ao voltar dunha viaxe.

A partir diso desenvolveuse, xunto a un gran equipo de traballo procedente de ESAD Vigo (Escola Superior de Arte Dramático) unha obra de “Teatro Musical Infantil” que chamamos “VAIOVIRAVAI”, e dende o mes de Abril, presentárase nos escenarios das principais cidades galegas, así como en pequenos e medianos concellos. Presentárase tamén en destacadas prazas internacionais como a “FILBA 2016” (Feira Internacional do Libro de Bos Aires) o vindeiro 06 de maio.

A nave soñadora Oviravai prepara unha nova viaxe para levar a alegría a todos os lugares ameazados pola tristeza e o aburrimiento. Para esa nova aventura, a súa tripulación de musicólocos precisa un novo membro. Despois de moitas probas, Kiki e Chamuco son os finalistas para iniciar esa travesía. Cal dos dous será o escollido?



A gramola gominola

Unha historia do rock para nen@s de 0 a 99 anos.

A Gramola Gominola é unha nova formación musical dentro do mundo da música infantil. Os seus membros, recoñecidos músicos da escea musical galega en diversos estilos, son Paco Cerdeira (guitarra), Anxelo de Xermar (baixo), Paula Romero (voz) e Rodrigo Muñoz (batería). Algúns destes membros, acumulan case dez anos de experiencia na música infantil co grupo Mamá Cabra, con grande aceptación e éxito entre o público, garante de calidade e diversión.

No seu primeiro traballo, para diferenciarse das clásicas propostas que se acostuman a ver na música para nenos, crean un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata agora, tendo como eixe central o Rock and Roll, explorando e mostrando tódolos estilos da música contemporánea: desde o reggae ás baladas heavys pasando polo pop o funk, country, blues ou ska, etc.

Este grupo nace da nostalxia de boa música, que os seus membros escoitaron no seu día sendo cativos, no Xabarín Club, nas radios e televisións na década dos setenta aos noventa, e que moitas veces non gozan os rapaces de hoxe.

No seu espectáculo fan un repaso pola historia da música moderna onde se recollen estes diferentes estilos, cunha proposta didáctica para os máis cativos da casa, onde poderán coñecer en clave de humor os diferentes estilos que engloban este mundo de músicas. Este repaso polas orixes e evolución da música serve de fío condutos para falar de valores tan esenciais como a amizade, a familia ou a importancia de facer deporte e levar unha alimentación saudable, o estudo pero tamén os xogos, a natureza e os recursos, a historia de Barriga Verde, todos contidos nas súas letras.

Porque está claro que a diversión, a música e a aprendizaxe poden facerse tamén a través de humor e de retos a ritmo de rock. A súa posta en escena está chea de colorido e momentos cómicos que farán as delicias dos máis pequenos, e que atraparán e gustarán por igual a cativos e maiores.



Gran Concerto - Sons Miúdos

“Sons miúdos” quiere facer evidente a gran riqueza do panorama musical galego infantil a través dun espectáculo que consegue reunir enriba dun mesmo escenario aos máis importantes músicos e cantantes destes grupos galegos. Conducido pola actriz Montse Piñón e polo actor Pepablo Patiño irase fiando unha narración de xeito pola historia da música galega infantil dos últimos 15 anos a medida que se vai tocando unha lista de cancións escollida entre o repertorio dos e das cantantes colaboradores e tocada e cantada polos seus protagonistas: Gloria, de Mamá Cabra; Magín Blanco, de A nena e o grilo; Pablo Díaz; Ana Senlle, de María Fumaça; Xoán Curiel e Paco Nogueiras. En total, doce persoas enriba do escenario facendo as delicias das nenas e nenos.

Así pois, o espectáculo está composto por unha banda base formada por un cuarteto musical que reúne aos mellores músicos dos grupos infantís, todos eles cunha importante traxectoria profesional. A isto hai que engadirlle a colaboración destes seis cantantes antes mencionados así como a dos dous actores antes mencionados. En total, doce grandes artistas da cultura musical infantil, coñecidos por todo o público miúdo, nunha escenografía creada para a ocasión que vestirá de gala esta festa da música.



Xogos

A casa dos xogos

A casa dos xogos é unha ludoteca itinerante chea de vida, diversión e aprendizaxe, foi creada co fin de dar a coñecer os xogos de taboleiro, billares tradicionais e xogos pedagóxicos novos cuxas orixes se sitúan en distintos países, culturas e épocas.

Esta ludoteca ambulante preséntase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes, así como unha presentación de xogos de creación propia dos construtores e impulsores do proxecto, Cedric Bouchard e Xurxo Guzmán.

Varios destes xogos avalan correntes pedagóxicas coma Waldorf ou Montessori, punteiras na pedagogía, e numerosas escolas e centros de arte utilizan este tipo de soportes. Outros corresponden máis co que se ve nas feiras populares do norte de Europa.

Sen dúbida unha proposta avalada para unha xornada de festas e diversión.



Xogos Paporrubio

“Os xogos do Paporrubio” é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria, que nos dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna.

O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía a nenos e maiores por unha eira chea de xogos. Os participantes nesta aventura terán que ir descubrindo como se xoga a algúns dos xogos, mentres que se sorprenderán noutros deles grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados con xoguetes, marionetas e xigantes.

A pretensión é facerlle accesible aos pequenos, a través da diversión en familia, unha cultura agraria que de por si adoita fascinar e marabillar.

